

Introdución

QUENDA DE OFICIO é un apartado dentro da web do colexio desenvolvida para facilitar a tarefa diaria do colexiado.

Todo o proceso de consulta e xustificación posterior foi implementado para que en todo momento cumpra os requisitos legais establecidos pola lexislación vixente estatal e autonómica.

Acceso á plataforma

Para acceder á QUENDA DE OFICIO farase a través da páxina web oficial do colexio (www.icavigo.org) dentro do apartado -> Colexiado -> Quenda de oficio.

Menú Quenda de oficio

Dentro de Quenda de oficio apareceranos un menú con distintas opcións:

1. DESIGNACIÓNS
2. ASISTENCIAS
3. DESIGNACIÓNS E ASISTENCIAS SEN XUSTIFICAR
4. GARDAS
5. SITUACIÓN NA QUENDA



XANELA DE MENÚ DE QUENDA DE OFICIO

1. Designacións

Nesta sección poderá ver todos os asuntos que lle designaron por quenda de oficio. No campo Data poderemos buscar por datas, facendo clic en **desde** ou **hasta** apareceranos un calendario, e tamén poderemos facer a procura por Nº procedemento, xulgado, dilixencia, solicitante ou SOX:



Designacións

Nesta sección poderás ver todos os asuntos que se lle designaron por quenda de oficio.

Data: Desde: Hasta: Xulgado:

Comisaría: Nº Dilixencia:

Nº SOIX:

XANELA DE BÚSQUEDA DE DESIGNACIÓNS

Unha vez feita a procura, se temos algún asunto apareceranos na parte inferior da pantalla e para poder visualizalo teremos que premer na icona do ollo:

Data	Nº SOIX	Solicitante	Asunto	Resolución
16/12/2020	20200	RUBÉN	RECURRIR	RESOLTO: ESTIMADO TODO

XANELA PARA VISUALIZAR O ASUNTO

Despois de premer na icona do ollo apareceranos unha xanela cos datos da quenda seleccionada. Mostraranse os datos do procedemento, os datos do solicitante e unha listaxe de procedementos relativos á quenda.

Quenda de oficio

DATOS DO EXPEDIENTE

Data: Nº SOIX:

Tipo: Partido:

Xulgado: Nº Procedemento:

Comisaría: Nº Dilixencia:

Asunto:

Resolución:

SOLICITANTES

NIF / NIE	Nome	CONTRARIOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROCEDEMENTOS XUSTIFICADOS

Procedemento	Sobre	Xulgado	Nº Procedemento	Xustificado	Pagado
RECURSO DE APELACIÓN PENAL		XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº 1			

XANELA CON DETALLE DE QUENDA DE OFICIO

Nesta xanela temos a opción de **IMPRIMIR DESIGNACIÓN** ou a de **CREAR NOVA FASE**. Facendo clic en imprimir designación descargaranos a declaración de iniciación de actuación e xustificacións de Quendas que poderemos gardar no ordenador ou imprimir.

Por outro lado, se pulsamos en **crear nova fase**, abrirásenos unha xanela, na cal poderemos meter os datos de Xulgado, pulsando sobre a icona da lupa aparecerannos todos os Xulgados. Tamén o Nº de procedemento, o NIG, o procedemento, un campo de observacións e por último un botón que pon **elixir arquivo**. Este botón abriranos unha pantalla cos cartafoles do



noso ordenador, dende a cal teremos que buscar onde estea gardado o arquivo que queremos achegar á nova fase. O BOTÓN DE NOVA FASE NON ESTARÁ ACTIVO SE O EXPEDIENTE NON TEN XUSTIZA GRATUÍTA CONCEDIDA.

Crear nova fase

Nº SOX Data

DATOS DO SOLICITANTE

Solicitante

Tipo Identificación

DATOS DO PROCEDIMENTO

Xulgado

Nº Procedemento / NIG

Procedemento

Observacións

Documento No se ha seleccionado ningún archivo

BOTÓN DE SELECCIONAR ARCHIVO

BOTONES DE BÚSQUEDA

ENGADIR NOVA FASE

XANELA CON DETALLE DE NOVA FASE

Unha vez seleccionado o arquivo darémoslle a **ENGADIR NOVA FASE** e aparecerá unha pantalla que pon **SOLICITUDE ENVIADA CORRECTAMENTE** coa data, Nº SOX, procedemento, Nº procedemento e Xulgado.

Solicitud enviada correctamente

Data:	01/06/2021
Nº SOX:	20300844
Procedemento:	PRETENSÓN INSOSTENIBLE
Nº Procedemento:	1/2021
Xulgado:	XULGADO DE 1ª INSTANCIA Nº 10

XANELA DE CONFIRMACIÓN DE ENVÍO



2. ASISTENCIAS

Nesta sección poderanse ver todas as asistencias que realizou. Do mesmo xeito que a pantalla de Quenda de oficio temos a opción de buscar por data, SOX, procedemento, etc.

[Inicio](#) / [Colexio](#) / [Quenda de oficio](#) / [Asistencias](#)

Asistencias

Data	<input type="text"/>	<input type="text"/>	Nº SOX	<input type="text"/>	Nº Procedemento	<input type="text"/>
Xulgado	<input type="text"/>				Nº Dilixencia	<input type="text"/>
Comisaría	<input type="text"/>				<input type="text"/>	<input type="text"/>
Asunto	<input type="text"/>					<input type="text"/>
Solicitante	<input type="text"/>					<input type="text"/>

XANELA DE BÚSQUEDA DE ASISTENCIAS

Ao darlle ao botón de buscar apareceranos unha listaxe co número de expediente, día da garda, lugar asistido e solicitante. Dándolle ao botón do ollo poderemos entrar na asistencia.

Xulgado	<input type="text"/>	Nº Procedemento	<input type="text"/>
Comisaría	<input type="text"/>	Nº Dilixencia	<input type="text"/>
Asunto	<input type="text"/>		
Solicitante	<input type="text"/>		

Expediente	D. Garda	Lugar asistido	Solicitante	
20200	2020	XULGADO DE INSTRUCCIÓN Nº		<input type="button" value="O"/>
20210	2020	GUARDIA CIVIL		<input type="button" value="O"/>

XANELA DE BÚSQUEDA CON LISTADO DE ASISTENCIAS

No caso de que teñamos a xustiza gratuíta concedida, poderá xustificar os procedementos correspondentes co botón de **Crear Nova Fase**.



[Inicio](#) / [Colexado](#) / [Quenda de oficio](#) / [Designacións](#)

Quenda de oficio

DATOS DO EXPEDIENTE

Data	<input type="text"/>	Nº SOX	<input type="text"/>
Tipo de asist.	ASISTENCIA	Partido	VIGO
Xulgado	XULGADO DE INSTRUCCIÓN	Nº Procedemento	<input type="text"/>
Comisaría	COMISARÍA DE POLICÍA	Nº Diliencia	<input type="text"/>
Asunto	<input type="text"/>		
Resolución	RESOLTO: ESTIMADO TODO		

SOLICITANTES

NIF / NIE	Nome	CONTRARIOS
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PROCEDIMENTOS XUSTIFICADOS

CREAR NOVA FASE

XANELA DE NOVA FASE EN ASISTENCIAS

3. DESIGNACIÓNS E ASISTENCIAS SEN XUSTIFICAR

Neste apartado poderemos ver todas as designacións e asistencias que teñen a xustiza gratuíta concedida ou pendente e que non teñen ningún procedemento xustificadado. Poderemos facer a procura dende os campos igual que nas outras xanelas: data, SOX, solicitante, etc.

[Inicio](#) / [Colexado](#) / [Quenda de oficio](#) / [Designacións e Asistencias sen xustificar](#)

Designacións e Asistencias sen xustificar

Nesta sección poderá ver todas as designacións e asistencias que teñen xustiza gratuíta concedida ou pendente, e que non teñen ningún procedemento xustificadado.

Data Expediente	Desde <input type="text"/> Hasta <input type="text"/>		Xulgado	<input type="text"/>
Nº Procedemento	<input type="text"/>	Nº SOX	<input type="text"/>	
Asunto	<input type="text"/>			
Solicitante	<input type="text"/>			

Q BUSCAR LIMPIAR

XANELA DE BÚSQUEDA DE DESIGNACIÓNS E ASISTENCIAS SEN XUSTIFICAR

Unha vez delimitada a procura apareceranos unha listaxe coas que están pendentes de xustificar.



Inicio / Colexado / Quenda de oficio / Designacións e Asistencias sen xustificar

Designacións e Asistencias sen xustificar

Nesta sección poderá ver todas as designacións e asistencias que teñen xustiza gratuita concedida ou pendente, e que non teñen ningún procedemento xustificado.

Data Expediente: 01/04/2021 Hasta Xulgado

Nº Procedemento Nº SOX

Asunto

Solicitante

LISTADO DE ASISTENCIAS Y DESIGNACIONES

Data	Nº SOX	Solicitante	Asunto	Resolución	Xustificar
ASISTENCIA			MALOS TRATOS	RESOLTO: ESTIMADO TODO	
ASISTENCIA			MALOS TRATOS	RESOLTO: ESTIMADO TODO	
ASISTENCIA			DILIXENCIAS PREVIAS	RESOLTO: ESTIMADO TODO	
ASISTENCIA			DILIXENCIAS PREVIAS	RESOLTO: ESTIMADO TODO	

XANELA DE BÚSQUEDA DE DESIGNACIÓN E ASISTENCIAS CON LISTADO

Cando nos apareza a listaxe teremos ao remate de cada liña unha icona dun selo. Pulsando sobre o devandito botón abrirásenos unha xanela dende a cal poderemos xustificar dita asistencia. Nela simplemente teremos que encher os datos, seleccionar o arquivo e darlle ao botón **XUSTIFICAR PROCEDIMENTO**.

Inicio / Colexado / Quenda de oficio / Designacións e Asistencias sen xustificar

Xustificar procedemento

Nº SOX Data

DATOS DO SOLICITANTE

Solicitante

Tipo Identificación

DATOS DO PROCEDIMENTO

Xulgado

Nº Procedemento / NIG

Procedemento

Observacións

Documento No se ha seleccionado ningún archivo

EN ESTE BOTÓN SELECCIONAREMOS EL ARCHIVO PDF PARA ADIUNTAR EN LA JUSTIFICACION

XANELA DE XUSTIFICACIÓN DE ASISTENCIAS E DESIGNACIÓN

DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR COA XUSTIFICACIÓN/NOVA FASE

a) En materia de asistencia letrada ao detido ou preso, unha vez rematada a intervención profesional, o avogado debe presentar o parte selado polo órgano xudicial ou policial onde levou a cabo a asistencia e no que se recollan os seguintes datos como mínimo:

- Nome e número de colexiado do avogado.
- Nome e DNI do asistido ou asistidos. No caso de estranxeiros, número de pasaporte ou de tarxeta de residencia.



– Motivo polo cal lle asiste e, se fose o caso, da detención, e número de dilixencias policiais ou xudiciais.

b) Nos procesos penais, a presentación da copia da dilixencia ou solicitude da actuación procesual na que interveña o letrado ou a apertura do xuízo oral.

c) Nos procesos civís, a presentación da copia da resolución xudicial de admisión da demanda ou de ter por formulada a contestación da mesma.

d) Nos demais procesos, a presentación da copia da dilixencia xudicial acreditativa da intervención do avogado.

e) Nas apelacións civís, a presentación da copia da resolución xudicial pola que se admite a trámite o recurso ou, se procede, a comparecencia ante a sala.

f) Nas apelacións penais, a presentación da copia da resolución xudicial na que se teña por formalizado ou impugnado o recurso ou o sinalamento para a vista.

g) Nos recursos de casación formalizados, a presentación da copia da resolución xudicial pola que se teña por interposto o recurso.

h) Nos anuncios de recurso de casación que non chegan a ser formalizados, a presentación da copia do anuncio do recurso debidamente xustificada.

i) Nas transaccións extraxudiciais e informes de insostibilidade da pretensión, a presentación do documento de transacción subscrito polos interesados ou do informe de insostibilidade dirixido ao colexio.

j) Nos desistimentos extraxudiciais por pasividade do interesado, a presentación de xustificación escrita do letrado.

k) Nas execucións de sentenzas que se produzan transcorridos máis de dous anos despois de pronunciarse a resolución xudicial, a presentación da copia de petición de execución debidamente acreditada.

Os documentos referidos poderán ser substituídos por copia selada polo órgano xudicial da primeira folla do escrito presentado.

4. GARDAS

Esta sección permitiranos ver as gardas realizadas ou as pendentes por realizar. Pódese facer a procura por datas, partidos ou Quenda.

En caso de querer ver todas as gardas do colexio teremos que premer no botón **Mostrar TODAS as gardas**.



Inicio / Colexiado / Quenda de oficio / Gardas

Gardas

Nesta sección poderá ver todas as gardas que realizou ou que ten por realizar. No caso de ter unha garda futura, poderá obter un certificado conforme ese día ten unha garda.

Data Mostrar TODAS as gardas

Partido Quenda

XANELA DE BÚSQUEDA DAS GARDAS

En caso de ter unha garda futura poderase obter o certificado conforme ese día ten unha garda pulsando na icona da impresora.

Inicio / Colexiado / Quenda de oficio / Gardas

Gardas

Nesta sección poderá ver todas as gardas que realizou ou que ten por realizar. No caso de ter unha garda futura, poderá obter un certificado conforme ese día ten unha garda.

Data Mostrar TODAS as gardas

Partido Quenda

BOTÓN DE IMPRESIÓN

Data	Partido/Tipo	Letrado	Teléfono	Teléfono 2	
20/10/2021	VIGO (ENTRALEXIA-EMERGENCIA)				

XANELA DE GARDAS CON BOTÓN DE IMPRESIÓN

5. SITUACIÓN NA QUENDA

Esta sección permitiranos comprobar o posto no que se atopa o letrado para a realización de calquera tipo de quenda na que estea apuntado.

Inicio / Colexiado / Quenda de oficio / Situación na quenda

Situación na Quenda

Nesta sección poderá comprobar o posto no que se encontra para a realización de calquera tipo de quenda na que esté apuntado.

Posto	Partido	Quenda
28	VIGO	ACUSADOS DE VIOLENCIA HACIA LA MUJER
144	VIGO	ADMINISTRATIVO
778	VIGO	CIVIL

XANELA DE SITUACIÓN NA QUENDA